

## **NORMAS DE PARTICIPACION NA FEIRA CABALAR E NOS CONCURSOS MORFOLÓXICOS**

1º.- Todos os équidos asistentes á “Feira Cabalar de Adai”, deberán portar obrigatoriamente a documentación identificativa e sanitaria exigible na comunidade autónoma de Galicia. Os vehículos de transporte animal, tamén.

2º.- **A responsabilidade civil dos animais na feira e probas en concurso será por conta en todo momento do gandeiro, propietario e/ou presentador do animal.**

3º.- Os animais deberán estar situados nas zonas reservadas para eles con tal fin, e atendidos en todo momento polo seu propietario e/oumanexador-presentador.

4º.- O acceso á pista de concursos será única e exclusivamente para os animais participantes nas probas e os seus presentadores.

5º.- **Os animais participantes nos concursos morfolóxicos deberán presentar a documentación oficial dos mesmos á hora da inscrición na mesa do xurado. Todos os exemplares para concurso deberán ser maiores de tres anos. (Documentos orixinais).**

6º.- É obrigatorio recoller o premio có cabalo ou egua gañador/a do mesmo. De non ser así, non se entregará. Os premios indicados no cartel da feira estipulados para cada categoría en concurso, pagaránse mediante transferencia bancaria OU CHEQUE nominativo a favor do gañador do mesmo, e aplicaráselles a retención do IRPF establecida polaAxencia Tributaria en cumprimento das obrigas fiscais. Do mesmo xeito aplicaráselle dita retención aos xuíces e demais persoal colaborador.

7º.- O xurado estará composto por persoas cualificadas no ámbito equino. Na proba puntuable para o Campionato Galego de Pura Raza Galega “Copa Galicia PRG”, estará formado por un xuíz oficial da raza.

8º.- O non presentarse áterceira chamada do xurado en pista, quedará fóra de concurso.

9º.- Os animais deberán ser debidamente presentados en limpeza e presenza nos concursos. Podendo ser desestimados polo xurado á consideración dos mesmos nos concursos.

10º.- En caso de desacordo coas decisións do xurado, o afectado poderá presentar reclamación previa presentación do DNI e depósito de 90 euros á organización, os cuales serán devoltos o interesado, no caso de ser favorable a mesma dita reclamación. Repoñendo públicamente a entrega do trofeo e escarapela correspondente, así como o pago do premio estipulado. No caso contrario, ser desestimada a reclamación presentada, a organización doará a unha ONG ou a cáritas o importe íntegro do depósito para atender necesidades sociais dentro do municipio.

11º.- Calquer maltrato animal estará penalizado coa expulsión das probas e pertinente denuncia por parte do comité organizador ante as autoridades competentes.